

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 11 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de xuño de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 6a)
D^a. Marta Riobó Ibáñez (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 11b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2018" no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación cumprimento requisitos previos*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II e o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC):
1. FLUGE GALICIA, S.L.
 2. UTE CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA (porcentaxe de participación na UTE do 50%)
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a GLOBAL SETUP, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o DEUC debidamente asinado, pois o presentado non o está. (Se presentan a documentación por Rexistro Electrónico, o DEUC deberá estar asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dixitalmente).

Tendo en conta que o PCAP sinala como data de inicio deste expediente o 1 de xullo deste ano, a Mesa acorda, por unanimidade, que unha vez recibida a documentación requirida se inclúa na primeira sesión que se celebre.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a GLOBAL SETUP, S.L. para que emende a documentación presentada no sobre A.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)

Entrégase o informe asinado pola xefa de Patrimonio Histórico do 11 de xuño de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
- COVIASSTEC, S.L.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240) (informe sobre B)

A secretaria informa aos membros da Mesa que as empresas PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS,S.L. e VALTECSA emendaron correctamente a documentación do sobre B dentro do prazo concedido.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos composto polo xefe da Área de Investimentos, o técnico de Administración xeral da Inspección de Tributos e a xefa do Servizo de Inspección de Tributos o 6 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo comité de expertos composto polo xefe da Área de Investimentos, o técnico de Administración xeral da Inspección de Tributos e a xefa do Servizo de Inspección de Tributos o 6 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (“o licitador deberá acreditar a propiedade do código fonte da aplicación Ginpix7”).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, o día 4 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, segundo os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Adxudicar a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 100.052,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.364,40 euros, composto polos seguintes prezos:
 1. O prezo do contrato relativo ao mantemento do software é de 50.500 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.764,46 euros.
 2. O prezo do contrato relativo á asistencia técnica é de 49.552,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.599,93 euros.
- b) Propón un prezo hora de prestación de asistencia e asesoramento técnico de 81,25 euros sen IVE.
- c) Non se compromete a efectuar horas ao ano de prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo que non se admitiu a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. neste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas sen que se tivese constancia do anuncio de remisión da oferta no mesmo día da súa presentación na oficina de Correos, como esixe o artigo 80.4 do Real



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIÓN FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NAROM, S.L.	92,70
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,16
4	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	92,08
5	ORESA, S.L.	91,92
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI, S.L.)	89,60
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	89,44
8	COPCISA, S.A.	88,80
9	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	87,98
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	87,38
11	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	86,76
12	ELSAMEX, S.A.	86,75
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	85,83
14	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,00

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 1.009,84 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 30 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de abril e 14 de maio de 2018 respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAROM, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) por un prezo total de 352.328,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.147,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:34	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34F-5B3EB5-53EBB5-6X81X5-AZ2EGK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		